

Maleza

Anxo Pastor

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

PASTOR, ANXO (2012 [2004]). “Maleza”. *Faro de Vigo*, edición de Vilagarcía de Arousa. “A rama no aire. Folla de creación”: 68 (20 de agosto). Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1815>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

PASTOR, ANXO (2004). “Maleza”. *Faro de Vigo*, edición de Vilagarcía de Arousa. “A rama no aire. Folla de creación”: 68 (20 de agosto).

* Edición dispoñíbel desde o 9 de febreiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

A RAMA

no aire

FOLLA DE CREACIÓN • Nº 68

COORDINACIÓN: ANXO PASTOR

Como andar
seguindo a pegada da maleza.

Como espreitar
o cascallo

Visións esvaídas

Os seus baleiros
A súa vida
A súa fariña
A súa fachenda branca

No noxo
Quecía as súas mans

Gundastres xuntas,
Satisfeitas
Erguendo pozos
Buratos
Furnas no ar

Lugares
Nos que medraba aínda desleixado
Un trigo de vento

Evocaba
E aparecía sempre o mesmo asento
E a mesma néboa

Homes cosendo a súa pel
Bolsas e sacos



Ras nocturnas
Abraíndonos nas súas pozas
Coma en dobres ceos
Ou en dobres lameiras

Tenebroso
Papo de pombas
Esmagando

Disecaba palabras

Era fieis
Á palabra EVENTO
En escabeche

Subía aos tellados
Espreitandoa altura dos seus ollos

Arrubiaba aínda
Ata incendiarse
E poñerse negro,
Sombrío,
Calcinado

Escrupuloso,
Metía a man no caixón
Dos seus papeis
No "capitaliño" das súas ideas.

Morriñento daquelas frases oficiais,
Co seu timbre,
Estañadas:
"debe seguir o conducto regulamentario"



o escritor cocifeiro sempre tiña a punto
as súas dúas palabras predilectas
"Masa", "Mondongo"

o editor que comezaba saudando
aos seus escritores:
"Queridos cromos"

diciá: "Inimigos meus"
coa énfase de encetar
unha epopeia

o seu estilo:
coma medias frases trenqueleantes,
dubitativas,
constipadas.

Coches
coma excrementos
formigueantes "ferraris"
feitos co vapor do sonho
consistente

Esa trasfega constante das formigas
Da que nunca sabes qué dicir

Parella común:
Solpor e almiscra

Lobos
Permanecendo fieis
ao seu ruzo,
ás súas néboas
e aos seus anos

Micropoeta

MALEZA

Anxo Pastor

['Diario do alento'. Inéditos. 2003/04]




Ilustración: A. Pastor

Aldeas postas
a enxoiar
con toda a súa roupa

Os seus mestres:
os seus prospectos medicinais

Dixo:
"unha danza cos pés atados"

Coma se o acompañaran
a certa distancia
outros pasos e outros ruídos

Avantar
no viscoso

Para el a mosca
non voaba

Témpero - lique

Abraiaba, aínda,
na procura de lentas luces

Alí
ao pairo
o crítico "solvente"
disolvíase

A súa sombra,
o seu asento

Ecos de fieltros e filtros

Presencia dun ciprés
serodio

Lóase
a contagotas

Arrastra coma un castigo
unha lentitude arrependida

Para encartarse máis e fuxir
tiña sempre a man
a sua corcova de coiro

Homiños azuis
levaban ás costas
un rótulo:
"sen osíxeno"

Gatos ennobelados
no seu Exipto



Todos os seus coñecementos
licuados

O seu caudal
de mornura

Camiños forzados
a ser rutas

Desde a beirarrúa
aldraxábaos:
"pisadores!"

Asistía a funerais
de árbores

Puntualizou:
"non murcho,
rechuchado"

O seu fillo pródigo,
o seu aborrecemento

Como reliquia
gardaba na neveira
un cacho de xeo lixado
"da escalada no 60"

Comezaba a súa xornada
no parque,
colocaba o seu letreiro:
"senta, escóitote"

Facían excursións "zumentas"
ás zonas mortas da cidade.

Traxes e vestidos que deixaran
de abrigar expectativas

Modesto,
só traballaba coas escamas
escorregadizas
dalgunhas palabras

Agardaba
que toda aquela ferruxe,
a súa ferruxe,
rebelarse

Os seus proxectos...
edificar con sombras

Dixo:
"non entredes no escuro"

Aínda na indiferencias
abría unha pálpebra coa man
e facía soar unha música
de campaña.

Lía todas as obras
completas, buscando receñidos
co nariz.

O seu estilo,
a súa néboa



Lonxana,
danada
loanza

PERDER A GRACIA..
Perder a nube

Sen canto

Danada a loanza

"Feiticeiras lonxanías"
dinos Holderlin

¿Qué nos dicía a meiga?
Ar,
ar,
alenta - alenta

Preso do adxectivo
preso de veludo

A súa decepción:
Nin era ogro
nin tiña un saco.